



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 23 DE ABRIL DO 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa asistencia os profesores José Manuel Sobrino Heredia e Antía Pérez Caramés.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a celebración da sesión, o reitor da paso ao primeiro punto da orde do día.

### **1. Informe do reitor**

Tras dar a benvida aos asistentes e, especialmente, aos novos membros, o reitor da conta dos seguintes asuntos.

O pasado día 11 de abril tivo lugar o acto de toma de posesión dos novos decanos e directores de departamento, tras os procesos electorais correspondentes.

Como consecuencia dos mesmos, cambiou tamén a composición dos representantes de decanos e directores de departamentos, escollidos por votación o pasado día 16 de abril:

Decanos/as/Directores de centro: María Xesús Lorenzo Modia, Xurxo Dopico Calvo, Ana Iglesias Galdo, Moisés Canle López, Nuria Varela Feal, Moisés Alberto García Núñez e Manuel Angel Graña López;

Directores de departamento: María Inés Pernas Alonso, Sonia Souto Camba, Daniel Pena Agras, Manuel Reyes García Hurtado, Francisco Alonso Tajés, Manuel Casteleiro Maldonado e Elena Sierra Palmeiro.

Foron cesados como representantes nomeados polo reitor: Alberto Valderruten Vidal, Manuel Angel Graña López e Ana Iglesias Galdo. O reitor procederá a nomear as vacantes para o vindeiro ConselloGoberno

Queda pendente a renovación dos dous estudantes nomeados polo reitor, se proceder.



A renovación dos postos vacantes nas comisións delegadas producirase no seguinte Consello de Goberno, unha vez que sexa renovada a representación dos estudantes por parte do Claustro do vindeiro día 30 de abril.

O reitor da conta tamén da renuncia do doutoramento honoris causa de José Luis Méndez López, producida o 10 de abril, ben como dos cesamentos de Neves Brisaboa como adxunta de investigación, e de Goretti Sanmartín Rei como directora do Servizo de Normalización Lingüística, por pase á situación de servizos especiais. Por último, o reitor informa do nomeamento de Horacio Naveira Fachal como novo adxunto de investigación da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa da sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a UDC e FEUGA pola que a fundación disporá dun local no CUR do Campus de Riazor. Por outra banda, o vicerreitor da conta dos proxectos presentados á convocatoria Innterconecta e do proceso de elaboración da estratexia de especialización intelixente en materia de investigación e innovación (RIS3) da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén informa da ampliación do prazo, por seis meses mais, para a resolución das axudas dos Subprogramas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Personal Técnico de Apoyo y Torres Quevedo, da convocatoria de 2012. Asimesmo informa de que non se teñen novas sobre a convocatoria de proxectos do Plan Nacional do MINECO, que xa acumula un retraso de catro meses sobre as súas datas habituais. Finalmente, o vicerreitor informa das distintas reunións tidas coa Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en relación coas próximas convocatorias de consolidación, proxectos emerxentes e recursos humanos.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías informa da folla de ruta das titulacións, proposta pola Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria nunha reunión producida hai quince días coas tres universidades do SUG. Suscitan un calendario de análise das vixentes titulacións: en xuño farase unha primeira revisión dos datos de matrícula; en novembro do 2013 haberá que adoptar as primeiras medidas no caso de titulacións deficitarias de estudantes. A vicerreitoría de títulos xa se reuniu cos centros con titulacións en risco (EPS, humanidades e documentación, filoloxía) para avaliar a situación e propor alternativas. Tamén informa sobre a impugnación contenciosa do mestrado de enxeñaría industrial, pendente de implantación, mais verificado. O colexio de enxeñeiros



industriais reclama máis créditos, mais o mestrado cumpre perfectamente os parámetros marcados polo real decreto.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa que desde o anterior Consello de Goberno, consonte a Base 9ª. 2 do Orzamento, imputáronse ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe total de **367.827,08** € nos expedientes V-0008-13, V-0009-13, V-0010-13 e V-0011-13.

Sinala ademais que o pasado 11 de abril, conxuntamente coa xerencia, firmou una instrución que deixaba sen efecto a retención nos orzamentos do 40% do crédito inicial do orzamento de 2013.

Fai saber así mesmo que o pasado 10 de abril, os vicerreitores con competencias en materia económica das universidades do SUG mantiveron unha reunión co Secretario Xeral de Universidades na que se pechou a porcentaxe de reparto da parte variable do fondo estrutural. Á universidade da Coruña correspóndelle o 24,33% do reparto, máis de catro puntos por encima da situación do exercicio anterior. Os indicadores do fondo por resultados aínda non están pechados, mais suporán tamén un aumento de arredor de tres puntos fronte ao reparto histórico.

Por último sinalar que o pasado xoves 18 de abril tivo lugar unha reunión da Comisión de Seguimento do PFSUG onde se nos achegou un borrador cos criterios que está a manexar a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o axuste retributivo do persoal das universidades previsto nos artigos 37 e 38 da Lei de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2013. Entende a Xunta que serían de aplicación as porcentaxes de axuste establecidas no artigo 21.un d) da lei. Ora ben, no caso do PDI funcionario, e tras consultar á Dirección Xeral de Función Pública, á Secretaría Xeral de Universidades e á Asesoría Xurídica da Xunta, descartan a posibilidade de poder realizar o axuste en conceptos retributivos distintos do complemento específico percibido de forma adicional ao establecido na normativa básica estatal nas pagas extras, o IPC galego e os complementos retributivos autonómicos, o que imposibilita para este colectivo o uso das tablas de redución proporcional. Cando se pechen os criterios, informarase oportunamente ao consello de goberno.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa da segunda versión da instrución da Consellería de Facenda para autorización das prazas laborais fixas e temporais.



A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da conta da publicación no BOE e no DOG (17 e 18 de abril) da convocatoria dos premios de investigación do Concello de Ferrol. Na web da vicerreitoría está dispoñible toda a información correspondente a estas convocatorias.

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informa das seguintes cuestións:

O día 15 de abril publicouse a nova convocatoria de axudas para cursar un mestrado universitario oficial da oferta de titulacións da UDC, destinada a estudantes iberoamericanos para o curso 2013/2014. A finalidade destas bolsas é favorecer a realización de estudos de Mestrado na UDC por parte de estudantes iberoamericanos, especialmente aqueles procedentes de Universidades coas que a UDC mantén convenios bilaterais. Este ano a convocatoria reduciuse a 8 bolsas.

Previsiblemente esta semana publicarase a convocatoria de Axudas á internacionalización. Este ano, para unha mellor xestión do orzamento destinado a esta convocatoria, líganse estas axudas a dous obxectivos prioritarios na estratexia de internacionalización da UDC: A) Asistir ou organizar reunións que constitúan traballos previos á presentación dunha solicitude de financiamento á Unión Europea dun proxecto de internacionalización nalguna das súas convocatorias (sinaladamente as accións do que será o programa Erasmus for All: Erasmus Mundus, Programas Intensivos, Tempus, Grundtvig, entre outros); B) Cooperar coa organización de eventos e reunións dirixidas ao establecemento de titulacións internacionais oficiais conxuntas ou duplas na oferta de títulos da UDC, na liña das bases da internacionalización de mestrados que se teñen aprobadas por este consello de goberno na derradeira sesión.

Por outra banda, a UDC asistiu á conferencia anual da Asociación Europea de Universidades (EUA), celebrada en Gante os días 11-12 de abril, que versou monograficamente sobre as estratexias de internacionalización das universidades europeas.

O xerente informa da necesidade de realizar as seguintes correccións de erros Protocolo de actuación por Violencia Psicolóxica ou Física no Traballo, aprobado por acordo do Consello de Goberno da UDC do 22 de decembro de 2012:

**Páx. 13:** Onde dí:



#### **5.2.4. Arbitraje da CIMAC.-**

No prazo de dez días hábiles dende que se produza calquera destas circunstancias:

1. a recepción definitiva da avaliación psicosocial específica,
2. a solicitude de calquera das partes implicadas de interrupción da mediación ou conciliación, sen precisar avaliación psicosocial específica,
3. o acordo de realización da arbitraje directamente,

a CIMAC ditará unha arbitraje que incluíra accións correctoras.

Nesta fase de resolución, non poderán intervir as persoas de mediación ou de conciliación.

O arbitraje será remitido ao reitor, que disporá dun prazo de dez días hábiles para facer calquera emenda; transcorrido ese prazo, ben o propio arbitraje ou ben as emendas pasarán a ser firmes.

Debe dicir:

#### **5.2.4. Arbitraje da CIMAC.-**

No prazo de dez días hábiles dende que se produza calquera destas circunstancias:

4. a recepción definitiva da avaliación psicosocial específica,
5. a solicitude de calquera das partes implicadas de interrupción da mediación ou conciliación, sen precisar avaliación psicosocial específica,
6. o acordo de realización da arbitraje directamente,

a CIMAC ditará unha arbitraje que incluíra accións correctoras.

Nesta fase de resolución, non poderán intervir as persoas de mediación ou de conciliación.

**Páx. 14:** Onde dí:

#### **5.3.4 Informe de resolución do conflito:**

Unha vez sexa firme o arbitraje da CIMAC será comunicado como informe de resolución do conflito aos órganos afectados, que iniciarán a súa implementación nos termos establecidos no informe.

Debe dicir:

#### **5.3.4 Informe de resolución do conflito:**



O arbitraje da CIMAC será comunicado como informe de resolución do conflito aos órganos afectados, que iniciarán a súa implementación nos termos establecidos no informe.

En segundo lugar, informa que durante a pasada semana celebráronse reunións coa Xunta de Persoal e co Comité de Empresa do PAS para tratar o proceso de execución e implantación das medidas previstas na nova RPT, a convocatoria do proceso de funcionarización do PAS laboral fixo, a revisión dos acordos de mobilidade no SUG e o inicio da negociación do IV Convenio colectivo do PAS laboral da UDC.

En terceiro lugar, da conta da publicación da RPT do PAS no DOG do martes día 15 de abril.

Para a súa aplicación, procederase en primeiro lugar á redistribución do persoal que se integra nas novas unidades de apoio a Departamentos e Investigación, nas Administracións de centros, nas unidades de xestión académica integrada e nas novas unidades de coordinación da investigación. Para esta redistribución convocouse ao persoal afectado para a elección de posto, mañá mércores 24 o persoal do Campus da Coruña, e o xoves 25 o persoal do Campus de Ferrol. Realizada esta redistribución, e tal e como se comunicou desde a Xerencia a todos os directores e xefaturas de centros e servizos, dítaranse as pertinentes resolucións de adscrición do persoal aos postos configurados na nova RPT, con efectos administrativos do vindeiro 2 de maio.

Infórmase tamén que procederase á publicación dos erros detectados na RPT publicada; neste sentido cómpre remarcar a necesidade de corrixir o erro polo que non figura o título da Facultade de Ciencias da Educación encabezando os seus postos de traballo, confundíndose así cos asignados á Facultade de Ciencias da Comunicación. Corrixíranse tamén as dependencias funcionais das unidades departamentais ubicadas nos ámbitos da UXAIS de Ferrol, Oza e Socioloxía/Ciencias da Comunicación.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 21 de marzo**

Tras a lectura da acta do pasado Consello de Goberno do 21 de marzo, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, a acta apróbbase por asentimento.



### 3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión de dous (2) convenios marco, doce convenios específicos (12), e sesenta e dous convenios para prácticas (62) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

### 4. Modificación do regulamento de estudos de doutoramento

O vicerreitor de Investigación e Transferencia expón as razóns que levan a propor as tres modificacións puntuais do regulamento, tal e como constan no documento que se incorpora como **anexo IV** á acta.

A primeira é unha modificación técnica, proposta pola unidade de terceiro ciclo, para o caso de tribunais constituídos con catro membros.

A segunda é unha cuestión máis de fondo, proposto por diversos investigadores e grupos, o departamento de ciencias da saúde, a xunta de persoal docente e investigador funcionario e algúns membros do Consello de Goberno, en relación aos requisitos para codirixir teses de doutoramento (artigo 10). Cóntase co precedente da Universidade de Santiago de Compostela, que vai na liña do que agora se modifica. Propónse unha moratoria de tres anos mediante unha disposición transitoria.

A terceira cuestión é tamén técnica, detectada pola unidade de terceiro ciclo, e define máis precisamente o que é un membro externo da Universidade aos efectos de integración nos tribunais de tese.

Na quenda de intervencións, o profesor Alonso Tajés agradece, no nome do profesorado do seu departamento, a segunda modificación proposta, salientando que cumpre seguir nesta liña de avaliar e estimular axeitadamente a investigación nas áreas da saúde, que ten evidentes peculiaridades.

Tras o anterior debate, apróbase a modificación do regulamento de estudos de doutoramento por asentimento.



## **5. Elección dos vogais da Comisión de Biblioteca en representación dos presidentes de comisións de biblioteca de centros (art. 8.2.b) Regulamento de Bibliotecas)**

Toma de novo a palabra o vicerreitor de Investigación e Transferencia para facer a seguinte proposta de membros, que se circulou previamente ao comezo do Consello de Goberno, e se axusta ao previsto no Regulamento de Bibliotecas encanto á representatividade dos ámbitos científicos:

- Félix Córdoba Rodríguez.
- Federico Pomar Barbeito.
- Sergio Santos del Riego.
- Luis Morenilla Burló.
- José Manuel Busto Lago.
- Almudena Filgueira Vizoso.
- Fernando Agrasar Quiroga.

A proposta apróbbase por asentimento. O vicerreitor agradece, por último, a todos os membros das comisións saíntes o seu traballo polas nosas bibliotecas.

## **6. Composición dos grupos de traballo do Plan Estratéxico 2013-2020**

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas expón a proposta, negociada cos interesados para garantir a máxima representatividade dos grupos de traballo, no seo da Comisión de Estratexia do 18 de abril, que se encargarán de desenvolver a segunda fase de formulación do Plan, de conformidade coa folla de ruta aprobada polo Consello de Goberno do mes de febreiro.

Tras a exposición da vicerreitora, intervén o profesor Fernando Agrasar para expresar que, pese a recoñecer os esforzos de integración realizados pola vicerreitora, sería desexable a participación do seu centro no grupo de traballo de investigación.

A vicerreitora considera que, para non facer máis grandes os grupos, o máis acaído é que o vicerreitor de Investigación transmita a información que se vaia xerando ás persoas interesadas.

A proposta apróbbase por asentimento e incorpórase ao **anexo V**

## **7. Regulamento de prácticas externas**





A vicerreitora de Estudantes, Deporte e Cultura explica as finalidades deste regulamento, así como o procedemento da súa elaboración, que tratou de integrar aos centros máis activos en xestión de prácticas para garantir o seu acerto e oportunidade, ben como a súa adecuación ao novo marco legal básico, fundamentalmente configurado polo Real Decreto 1707/2011.

Faise un esforzo de aclaración, homoxeización de procesos e normalización documental, tanto a nivel de convenios de colaboración como de fichas individualizadas de cada estudante en prácticas.

A vicerreitora destaca que o borrador foi elaborado no seo dunha comisión, integrada polos vicedecanos/as dos centros que coordinan as prácticas, que colaborou moi activamente na súa mellora.

Comenta unha proposta de modificación que chegou onte da EPS, na que se propón modificar o texto (supresión art. 2.3) para permitir facer prácticas externas en calquera ámbito da Universidade da Coruña. Non se acepta esta proposta, por motivos que a vicerreitora explica. Tampouco se acepta a modificación proposta do artigo 5, na que se define a práctica curricular.

Na quenda de intervencións:

A profesora María Luísa Sánchez Simón pregunta como se garante que o estudante en prácticas non cobre ningún posto de traballo, tanto na propia Universidade como nos colaboradores externos.

Sonia Souto solicita saber se este regulamento se aplica ás prácticas clínicas das ciencias da saúde, pois nalgún caso pode haber algunha colisión coas normas internas dos centros con estes practicum.

Daniel Pena opina que, respecto das prácticas en grupos de investigación, non está de acordo coa opinión da vicerreitora, pois non ve ningún inconveniente. Respecto da segunda cuestión, considera lóxico tamén a segunda emenda da EPS.

Ana Barxa di que os Comités están en contra porque o regulamento está creando man de obra barata entre o estudantado.

A vicerreitora dá contestación ás preguntas solicitadas.



Debe ser a nosa propia actuación, a dos coordinadores, e da inspección laboral, a que controle o eventual fraude.

Respecto da cuestión das prácticas clínicas, lembra que Pedro Gil xa lle propuxo á comisión de prácticas no seu día unha modificación do borrador para adaptar a súa aplicación ás prácticas clínicas.

Coincide en certo modo coa apreciación da representante de estudante. Considera que as extracurriculares deberían ter unha compensación económica, pero non as curriculares.

Sonia Souto valora a intención dun marco xeral regulador destas prácticas externas, mais considera que debería definirse a práctica clínica como singular.

Tras un debate, apróbase por asentimento, e incorpórase ao **anexo VI**.

## **8. Calendario académico do curso 2013-2014**

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías explica ambos calendarios, de titulacións adaptadas e non adaptadas ao EESS, moi similar ao do ano anterior, pero con algúns pequenos axustes.

Respecto do calendario de titulacións adaptadas, o profesor Anxo Calvo comenta o asunto das datas de selectividade, que atrancan moito a nosa xestión, polo que solicita unha vez mais trasladar á Consellaría a necesidade de adaptación. Os calendarios de defensa dos traballos fin de grao tamén preocupan moito no seu centro, polo que solicita aclaracións.

O vicerreitor contesta que até o 23 de setembro hai tempo para pechar a acta, porque cada acta é individual. Só hai un problema: o estudante ten que estar matriculado en febreiro. Estanse traballando nunhas instrucións de xestión académica nas que se vai apostar pola flexibilidade neste ámbito.

Verbo das titulacións non adaptadas, tras a explicación do vicerreitor a novidade existente (recoméndase aos centros que adopten paulatinamente o calendario de exames de graos, porque axuda a mellorar a xeración de actas e a posterior matrícula dos mestrados), o profesor Muñoz Cantero intervéñ para pedir que se pula unha errata na páxina 2. O vicerreitor toma nota.

Apróbanse ambos calendarios por asentimento do Consello de Goberno, segundo figuran nos **anexos VII e VIII**.



## 9. Calendario de inscrición e matrícula nos mestrados

O vicerreitor de títulos comenta o calendario proposto, coas súas diversas peculiaridades. Apóstase por tres prazos de matrícula, que coinciden cos momentos en que os estudantes contan coa titulación de acceso requirida, para que mellore a captación de estudantes, de modo que o 20 de setembro, data na que hai que enviar datos de matrícula á Xunta, podan estar o mínimo de 20 estudantes.

O profesor Luis Castedo comenta sobre a vixencia da táboa de matrícula dos estudantes alleos ao EEES. Tamén suxire que se aclare o ámbito temporal de vigor do último cadro. Sinala que a web, onde aparecen os prazos para preinscrición e matrícula nos mestrados, non está actualizada. O vicerreitor di que está actualizada, mais está errónea.

Apróbase o calendario segundo figura no **anexo IX**.

## 10. Calendario de novas propostas e modificacións de títulos

O vicerreitor sinala os fitos deste calendario, tanto para novos títulos, ou modificacións, de graos como de mestrado. Aparecen tres calendarios diferentes, en función de se as propostas son interuniversitarias ou non.

Tras a exposición do vicerreitor, apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo X**.

## 11. Límite de prazas de graos e mestrados

O vicerreitor sinala e explica as novidades da oferta de prazas en primeiro curso: grao de arquitectura técnica (baixa de 200 a 190, por pedimento do propio centro), grao de obras públicas (baixa a 114 prazas) e grao de informática, que baixa de 247 a 240. Lembra que a Xunta só deixa facer baixadas non superiores ao 5%.

O profesor Manuel Casteleiro intervéñ para aclarar que no grao de obras públicas prodúcese un aumento neto de 10 prazas, pasando de 120 a 130.

O profesor Anxo Calvo comenta cal é a norma ou instrución da Xunta na que se recolla ese 5%. Considera que hai que “liberalizar” esta porcentaxe, para permitir axustar mellor a oferta e a demanda.



Ana Barxa anuncia o voto en contra, porque considera que estes límites impiden que os estudantes accedan ao ensino superior.

O vicerreitor refírese á normativa de verificación das modificacións das memorias.

Nuria Varela solicita unha aclaración da composición dos límites nos graos de enfermaría.

Os límites de mestrados son solicitados pola Xunta de Galicia. O vicerreitor sinala que hai tres erros na documentación achegada (faltan o número de prazas de tres mestrados).

Tras o anterior debate, apróbanse os calendarios, segundo figuran no **anexo XI**, co voto en contra de Ana Barxa.

## **12. Aprobación, se proceder, da Normativa sobre a elaboración, tramitación, modificación e custodia das actas de cualificación de títulos oficiais de grao e mestrado**

O vicerreitor motiva esta normativa na necesidade de adaptar a actual normativa á sinatura electrónica de actas e á custodia e arquivo electrónico das mesmas, integrando nunha soa norma todos os trámites e requisitos de xestión das actas académicas de cualificación.

María Jesús Lorenzo Modia suxire que no artigo 2.1 debería falar de oportunidade, non de convocatoria. O vicerreitor di que non procede, porque a acta é única.

Moisés Canle refírese ao artigo 4.2: quen designa o responsable da docencia do TFG e TFM. Suxire que ten que ser un único titor. En relación coas oportunidades, indica o problema das datas de asento nos expedientes. Por último, comenta a asignación das matrículas de honra en febreiro, que come a oportunidade de xuño. Para evitalo, suxire que se asignen ao final.

O vicerreitor di que a asignación de titor é obxecto doutra normativa non desta. Verbo das oportunidades e as matrículas de honra, habería que chegar ao acordo de pór as matrículas de honra ao final, cando está todo o alumnado avaliado. Respecto do asento, é unha cuestión interna, pero non aparece para nada na acta do estudante.

Apróbase tras este debate, e incorpórase como **anexo XII**.



## 12. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes.

O profesor Sergio Santos pregúntalle ao vicerreitor de investigación cando se vai poder solicitar a codirección de tese aprobada hoxe.

O profesor Moisés Canle solicítalle ao vicerreitor de títulos, calidade, novas tecnoloxías que os TFG / TFM sexan titorizados por un só profesor, dado o carácter de referente do titor neste tipo de traballos, e independentemente da posibilidade de que poidan admitirse codireccións a efectos da posible xeración de resultados de investigación que poidan requirir protección intelectual ou industrial. O vicerreitor considera lóxica a proposta, e que xa existe tal posibilidade.

Tamén solicita que para cada convocatoria oficial das diversas asignaturas se poida manter a acta aberta da primeira oportunidade para a segunda, a efectos de que os alumnos que así o decidan poidan valorar presentarse para mellorar a súa cualificación (sen posibilidade de baixala). O vicerreitor considerou complicada esta posibilidade.

Por último, solicita que ao encher as actas de primeira e segunda oportunidade o programa informático só solicite indicación de qué alumnos reciben Matrícula de Honra unha vez recheadas todas as cualificacións de ambas oportunidades, a fin de evitar agravios comparativos para os alumnos da segunda oportunidade. O vicerreitor considera tamén que a proposta é complicada.

A profesora Marisa Sánchez Simón pregunta sobre o escrito da Xunta para autorizar as prazas, e que se pensa facer sobre o cumprimento da carga docente prevista no Real Decreto-Lei 14/2012.

Nuria Sousa pregunta sobre os chamamentos para redistribución dos efectivos como consecuencia da nova RPT, e solicita que se adíen os chamamentos até que se aproben os documentos de funcións.

A estudante Ana Barxa Cid manifesta a súa oposición a calquera normativa de permanencia, por provocar a elitización do acceso á universidade, e aproveita para despedirse do Consello de Goberno.



O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente explica de novo a segunda versión da instrución, que se aplicaría para este ano 2013. Descoñecemos os criterios que vai empregar a Xunta para priorizar as prazas. Si temos claro que non se vai ir aos máximos de dedicación docente do Real Decreto-Lei 14/2012, pois o propio Ministerio reconece mediante unha circular que as contías do novo artigo 68 LOU é un marco básico, que pode flexibilizarse, e así se aprobou por este Consello de Goberno na norma de elaboración do POD para o curso 2013/2014.

Intervén o reitor para insistir nalgúns dos aspectos xa sinalados polo vicerreitor.

O xerente intervén para lembrar os prazos do chamamento (mañá para A Coruña), e pasado mañá para o campus de Ferrol), pero considera que non se debe adiar os chamamentos.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías comenta, respecto das normas de permanencia, que virán ao Consello de Goberno, mais aínda non están pechadas. Estase a falar cos representantes dos estudantes para lograr o máximo consenso.

Tras as anteriores intervencións, o reitor levanta a sesión ás 12:10 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luis Armesto Barbeito